

# SAMSARA

Lois Patiño, 2023

# 1211


ESTREA EN NUMAX: 20.12.2023 | V.O.S.E. | TP | 113 min

Samsara é o ciclo budista da morte e reencarnación. Desde os santuarios de Laos, convivindo con monxes adolescentes, acompañaremos un alma no seu tránsito dun corpo a outro a través do bardo. As palabras do Libro tibetano dos mortos servirán aquí de guía para non nos perder polo alén. Un percorrido lumínico e sonoro que nos levará a reencarnarnos nas praias de Zanzíbar, onde grupos de mulleres traballan en granxas de algas.

Venres 15 de decembro: Preestrea con presentación e coloquio de Lois Patiño

«Unha viaxe extraordinaria e multisensorial a través de corpos, almas e espazo»

Leonardo Goi, THE FILM STAGE



## Entrevista con Lois Patiño «Quixen retratar culturas que achegan perspectivas diferentes á dominante occidental»

**Ao longo da súa carreira como cineasta, realizou películas ambientadas en Galicia e os seus arredores. Para *Samsara* rodou en Laos e Tanzania, onde transcorre gran parte da historia. Como cambiou isto o seu enfoque como cineasta e que lle atraeu orixinalmente destes lugares?** *Samsara* foi diferente en moitos sentidos, pero eu quería iso. Quería cambiar a miña metodoloxía, a miña forma de traballar. Isto non é Galicia, de onde veño. Non traballo na miña cultura, estou fóra dela, pero volvo retratar culturas que achegan perspectivas diferentes á dominante, a occidental. Ao levar esa diversidade á pantalla, creo que é importante que non perdamos a riqueza do diferente. Cando fago unha película, sempre quero explorar a linguaxe cinematográfica, a forma cinematográfica. Para *Samsara*, a miña primeira idea foi facer unha película que se vise cos ollos pechados. Logo, cando lin *O libro tibetano dos mortos*, pensei que podería ser interesante vincular esta experiencia cunha viaxe polo bardo, o concepto budista do estado intermedio ou de transición. Para iso precisaba dous lugares e dous corpos polos que moverme. Para introducir esa crenza na reencarnación, o primeiro tiña que ser un país budista, así que me decidín por Laos. Visitei Luang Prabang, a capital cultural, onde hai centos de templos, aínda que non tiña nin idea do que me ía agardar con 300 monxes estudantes. Pouco despois de rodar en Laos, pedíronme que impartise un taller de videoarte en Tanzania. Estivera buscando un lugar que ofrecese un contraste cultural en todos os sentidos: a paisaxe, as crenzas, as relixións, mesmo a actitude da xente. Así que foi por esta causalidade (que me convidasen ao taller) como atopei Zanzíbar, e así atopei un camiño para a película.

**Captar culturas diferentes, especialmente como cineasta occidental, pode ser delicado. Foi prudente á hora de incluír estas comunidades e tradicións?**

**Cambiou dalgún modo no proceso?** Era moi consciente diso. Unha cousa boa deste proxecto, neste sentido, é que é de baixo orzamento, así que eramos moi pouca xente. Só catro persoas viaxamos desde España: o director de fotografía, o sonidista, a produtora e eu. O resto do equipo, produción, axudante de son e axudante de cámara, eran todos locais. E xuntos revisamos o guión moitas veces, comprobando tamén cos actores os diálogos para asegurarnos de que non aparecese nada delicado ou incorrecto. Tentabamos eliminar a nosa perspectiva na medida do posible. Ademais, Laos é un país comunista de partido único, así que non é fácil conseguir que aproben un guión. Tamén tivemos que contar coa presenza dunha funcionaria do goberno na rodaxe. En gran medida é un documental. Estabamos nunha posición de observación. Quería mostrar un contraste entre estes lugares, pero tamén connosco, a cultura occidental. Máis que incidir na realidade, recibímla, e dentro desa realidade fixemos unha microficción para construír unha pequena narrativa.

**Hai unha secuencia no centro de *Samsara* que é pura inmersión cinematográfica. Mesmo pide ao público que peche os ollos. Que inspirou esta elección?** Xa coñecía algúns experimentos coa luz, como a *Dreamachine* de William S. Burroughs. En Madrid, asistín a unha experiencia sonora de Francisco López, un artista sonoro, na que había que ter os ollos pechados. Outra influencia foi o artista da luz James Turrell. Vin unha obra súa en Los Angeles chamada *Light Breathing*. Está estruturada como un espazo de luz infinita no que a luz e a cor cambian. A intensidade da luz entra e sae, así que sentes coma se a luz respirase. Esa idea pareceume asombrosa. Quería explorala no cinema. Pensei que se poñamos unha secuencia moi experimental e sensorial nun documental narrativo, ese tipo de contraste podería funcionar moi ben. É unha idea que quero seguir en novas películas, ir con esta alma a través de diferentes corpos. E sempre facendo a viaxe cos ollos pechados cando se viaxásemos dun corpo a outro.